ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 36011579 | A Guía | Vigo | 2024/2025 |

### Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo | Grao | Réxime |
|---|---|---|---|---|---|
| COM | Comercio e márketing | CSCOM02 | Comercio internacional | Ciclos formativos de grao superior | Réxime xeral-ordinario |

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

| Código MP/UF | Nome | Curso | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|---|
| MP0825 | Financiamento internacional | 2024/2025 | 6 | 105 | 126 |

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

| | |
|---|---|
| Profesorado asignado ao módulo | MARÍA DEL PILAR GARCÍA GUTIÉRREZ |
| Outro profesorado | |

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desenvolver as funcións relacionadas coa xestión financeira das operacións de compravenda internacional, como:
- Financiamento das importacións e das exportacións e as vendas internacionais.
- Xestión do risco de cambio no financiamento en divisas.
- Xestión da documentación necesaria para a obtención dun crédito con apoio oficial á exportación.
- Xestión da documentación necesaria para participar en proxectos e licitacións noutros países.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:
* Xestión financeira das operacións de compravenda internacional de mercadorías, servizos e proxectos.
* Xestión de cobramentos e pagamentos internacionais.
* Participación en concursos e licitacións internacionais.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais h), i), ñ), o), p), q), r), s), t), u) e v) do ciclo formativo, e as competencias g), l), m), n), ñ), o), p), q), r) e s).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:
¿ Obtención de información no sistema financeiro e no mercado de divisas para a xestión financeira das operacións de comercio internacional.
¿ Identificación dos organismos nacionais e internacionais que interveñen no financiamento das operacións de comercio internacional.
¿ Interpretación da normativa que regula os tipos de créditos á importación e á exportación.
¿ Análise e avaliación de diferentes alternativas financeiras, calculando o custo e os riscos que xeran.
¿ Xestión e cobertura dos posibles riscos financeiros e o risco de cambio nas operacións comerciais internacionais.
¿ Formalización e tramitación dos documentos necesarios para a obtención e a xestión de créditos.
¿ Elaboración e xestión da documentación necesaria para participar en concursos e licitacións internacionais.

## 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

| U.D. | Título | Descrición | Duración (sesións) | Peso (%) |
|---|---|---|---|---|
| 1 | Divisas y mercado de divisas | Analízanse as características e o funcionamento do mercado de divisas, así como os organismos e entidades que participan nel e a normativa reguladora do mesmo. Descríbense as principais operacións que se realizan no mesmo | 15 | 14 |
| 2 | O risco de cambio nas transaccións internacionais | Analízase o concepto de risco de cambio, a súa xestión no mundo empresarial e os diferentes mecanismos de cobertura do risco de cambio. | 18 | 18 |
| 3 | O sistema financiero internacional | Estúdiase o concepto de sistema financieiro internacional e as diferentes institucións que o forma | 9 | 10 |
| 4 | A financiación da empresa. Fontes | Descríbese a estrutura económica e financieira da empresa, pormenorizando nas diferentes fontes de financiación ás que pode ter acceso a organización | 18 | 12 |
| 5 | Financiación das importacións | Analízanse as alternativas de financiamento das importacións e compras internacionais, determinando o cálculo de costes financieiros e riscos | 21 | 15 |
| 6 | Financiación das exportacións | Analízanse as alternativas de financiamento das exportacións e vendas internacionais, determinando o cálculo de costes financieiros e riscos | 21 | 15 |
| 7 | Consenso OCDE | Profundízase na estrutura do crédito á exportación establecido ao marco do crédito oficial á exportación | 8 | 6 |
| 8 | Concursos e licitacións internacionais | Analízanse as institucións e organismos de ámbito internacional, comunitario e estatal convocantes de proxectos e os seus obxectivos, así como se determina a forma de participación nestes concursos | 8 | 5 |
| 9 | Cobertura de riscos en operacións de venda | Analízanse os tipos de riscos habituais nas operacións de venda internacional, así como posibles institucións e instrumentos de cobertura dos mesmos | 8 | 5 |

## 4. Por cada unidade didáctica

### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | Divisas y mercado de divisas | 15 |

### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA2 - Analiza o funcionamento do mercado de divisas e as variables que inflúen nel, con valoración das repercusións que pode ter o comportamento do mercado nas operacións de compravenda internacional | NO |

## 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA2.1 Describiuse o funcionamento do mercado de divisas, os elementos que o conforman, as variables que inflúen nel e a determinación do prezo ou do tipo de cambio dunha divisa respecto a outras |
| CA2.2 Identificouse e interpretouse a normativa que regula o funcionamento do mercado de divisas |
| CA2.3 Diferenciáronse o mercado de divisas ao contado e a prazo, distinguindo os tipos de cambio spot e forward |
| CA2.5 Analizáronse as variables que inciden nas flutuacións dos tipos de cambio das distintas divisas |
| CA2.6 Obtívose e analizouse información sobre o mercado de divisas, interpretando e utilizando a terminoloxía específica |
| CA2.7 Analizáronse as implicacións que poden ter as flutuacións no tipo de cambio e no tipo de xuro dunha divisa sobre as operacións de comercio internacional |

## 4.1.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Sistema financeiro internacional. Tipos de mercados. Mercado de divisas. |
| Estrutura do mercado de divisas ou mercado FOREX. Organismos e entidades que participan no mercado de divisas. Normativa reguladora do mercado. |
| Funcionamento do mercado de divisas. Divisas: convertibles e non convertibles. Oferta e demanda de divisas. Prezo ou tipo de cambio. Tipos de compra e de venda. Variables que inflúen na flutuación do tipo de cambio dunha divisa. Tipo de cambio e tipo de xuro dunha divisa. |
| Tipo de transaccións no mercado FOREX: mercado spot e mercado forward. |
| Risco de cambio dunha divisa: factores. |
| Mecanismos de cobertura do risco de xuro. |

## 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | O risco de cambio nas transaccións internacionais | 18 |

## 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA3 - Caracteriza o sistema de xestión do risco de cambio e do risco de xuro nas operacións de comercio internacional, aplicando en cada caso os mecanismos de cobertura máis adecuados | NO |

## 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA3.1 Determináronse os riscos e os custos que se xeran ao instrumentar o pagamento ou o cobramento e o financiamento das operacións de comercio internacional nunha determinada divisa, como consecuencia das flutuacións no tipo de cambio e no tipo de xuro da divisa |
| CA3.2 Valoráronse as vantaxes do seguro de cambio como xeito de cobertura do risco de cambio dunha divisa e calculouse o seu custo, utilizando a aplicación informática adecuada |
| CA3.3 Avaliáronse outros xeitos de cobertura do risco de cambio analizando as súas vantaxes e os seus inconvenientes, e calculando os custos financeiros mediante a aplicación informática adecuada |
| CA3.4 Valoráronse xeitos de cobertura do risco de tipo de xuro analizando as súas vantaxes e os seus inconvenientes, e calculando os custos financeiros mediante a aplicación informática adecuada |
| CA3.5 Estableceuse o procedemento, a documentación e os trámites que haxa que realizar para contratar coa entidade financeira, en tempo e forma, a fórmula de cobertura do risco máis favorable para a empresa |
| CA3.7 Manexáronse as ferramentas informáticas de provedores/as para a tramitación e xestión integrada do risco de cambio, de acordo coas necesidades da empresa |

## 4.2.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Cobertura do risco de cambio. Estratexias de xestión do risco.<br><br>Mecanismos de cobertura do risco de cambio.<br><br>Mecanismos de cobertura do risco de xuro. |

## 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | O sistema financiero internacional | 9 |

## 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA1 - Establece un sistema de información eficaz que sirva de apoio nas operacións de financiamento internacional, utilizando as ferramentas informáticas adecuadas | NO |
| RA2 - Analiza o funcionamento do mercado de divisas e as variables que inflúen nel, con valoración das repercusións que pode ter o comportamento do mercado nas operacións de compravenda internacional | NO |

## 4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA1.1 Identificáronse as principais fontes que poidan proporcionar a información que se require nas operacións de financiamento internacional |
| CA1.4 Identificáronse os organismos e as institucións competentes para a solicitude de axudas e subvencións á exportación |
| CA2.4 Analizáronse as características fundamentais do euromercado e os segmentos de actividade nos que opera |

## 4.3.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Organismos e entidades que proporcionan información relacionada co financiamento das operacións de comercio internacional. |
| Fontes secundarias de financiamento das exportacións e as importacións. |
| Obtención de información a través da páxina web dos organismos. |
| Elaboración dunha base de datos dos organismos que facilitan apoio financeiro, axuda ou subvencións á exportación e á venda internacional. |
| Sistema financeiro internacional. Tipos de mercados. Mercado de divisas. |
| Euromercados: segmentos de actividade en que operan; instrumentos financeiros e tipos de xuro. |
| Organismos financeiros internacionais. |
| Sistema monetario europeo: unión monetaria. |
| Institucións monetarias europeas: Sistema Europeo de Bancos Centrais (BCE) e outros organismos. |

## 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | A financiación da empresa. Fontes | 18 |

## 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA1 - Establece un sistema de información eficaz que sirva de apoio nas operacións de financiamento internacional, utilizando as ferramentas informáticas adecuadas | NO |
| RA4 - Determina o xeito de financiamento adecuado nas operacións de compravenda internacional analizando as modalidades de crédito, tendo en conta a forma de pagamento e de cobramento, e valorando os custos e os riscos que xeran | NO |

## 4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA1.1 Identificáronse as principais fontes que poidan proporcionar a información que se require nas operacións de financiamento internacional |
| CA1.2 Obtívose información a través das páxinas web de diversos organismos e elaborouse unha base de datos que sirva de apoio ás operacións de comercio internacional e o seu financiamento |
| CA1.5 Identificáronse as fontes primarias de financiamento bancario, tanto multinacionais como autonómicas e estatais, e as fontes secundarias de financiamento das exportacións e as importacións |
| CA4.1 Identificáronse as fontes primarias e secundarias de financiamento das exportacións e das importacións |
| CA4.2 Avaliáronse os xeitos de financiamento das importacións, analizando as súas vantaxes e os seus inconvenientes, e determinando en cada caso os riscos e os custos financeiros que xeran |
| CA4.4 Interpretáronse os principais usos e prácticas mercantís uniformes nas operacións de crédito internacional |
| CA4.5 Caracterizáronse outras formas de financiamento de exportacións e proxectos internacionais, como factoring, forfaiting, leasing, project finance, etc |
| CA4.7 Calculáronse os custos financeiros e elaborouse o cadro de amortización de préstamos utilizando a aplicación informática adecuada |

## 4.4.e) Contidos

| Contidos |
| --- |
| Fontes de financiamento bancarias primarias de ámbito internacional, estatal, autonómico e local. |
| Fontes secundarias de financiamento das exportacións e as importacións. |
| Obtención de información a través da páxina web dos organismos. |
| Elaboración dunha base de datos dos organismos que facilitan apoio financeiro, axuda ou subvencións á exportación e á venda internacional. |
| Financiamento das importacións e compras internacionais. |
| Cálculo dos custos financeiros e as cotas de amortización, elaborando mediante a folla de cálculo o cadro de amortización do préstamo, leasing, etc. |

## 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 5 | Financiación das importacións | 21 |

## 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
| --- | --- |
| RA3 - Caracteriza o sistema de xestión do risco de cambio e do risco de xuro nas operacións de comercio internacional, aplicando en cada caso os mecanismos de cobertura máis adecuados | NO |
| RA4 - Determina o xeito de financiamento adecuado nas operacións de compravenda internacional analizando as modalidades de crédito, tendo en conta a forma de pagamento e de cobramento, e valorando os custos e os riscos que xeran | NO |

## 4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
| --- |
| CA3.1 Determináronse os riscos e os custos que se xeran ao instrumentar o pagamento ou o cobramento e o financiamento das operacións de comercio internacional nunha determinada divisa, como consecuencia das flutuacións no tipo de cambio e no tipo de xuro da divisa |
| CA3.3 Avaliáronse outros xeitos de cobertura do risco de cambio analizando as súas vantaxes e os seus inconvenientes, e calculando os custos financeiros mediante a aplicación informática adecuada |
| CA3.4 Valoráronse xeitos de cobertura do risco de tipo de xuro analizando as súas vantaxes e os seus inconvenientes, e calculando os custos financeiros mediante a aplicación informática adecuada |

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA4.2 Avaliáronse os xeitos de financiamento das importacións, analizando as súas vantaxes e os seus inconvenientes, e determinando en cada caso os riscos e os custos financeiros que xeran |

## 4.5.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Cálculo dos custos financeiros de cobertura do risco de cambio e do risco de xuro utilizando a aplicación informática adecuada. |
| Financiamento das importacións e compras internacionais. |
| Calculo de custos e riscos financeiros nas operacións de financiamento das importacións e das exportacións. |

## 4.6.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | Financiación das exportacións | 21 |

## 4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA3 - Caracteriza o sistema de xestión do risco de cambio e do risco de xuro nas operacións de comercio internacional, aplicando en cada caso os mecanismos de cobertura máis adecuados | NO |

## 4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA3.1 Determináronse os riscos e os custos que se xeran ao instrumentar o pagamento ou o cobramento e o financiamento das operacións de comercio internacional nunha determinada divisa, como consecuencia das flutuacións no tipo de cambio e no tipo de xuro da divisa |
| CA3.3 Avaliáronse outros xeitos de cobertura do risco de cambio analizando as súas vantaxes e os seus inconvenientes, e calculando os custos financeiros mediante a aplicación informática adecuada |
| CA3.4 Valoráronse xeitos de cobertura do risco de tipo de xuro analizando as súas vantaxes e os seus inconvenientes, e calculando os custos financeiros mediante a aplicación informática adecuada |

## 4.6.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Cálculo dos custos financeiros de cobertura do risco de cambio e do risco de xuro utilizando a aplicación informática adecuada. |
| Financiamento de exportacións, vendas e proxectos internacionais. Financiamentos especiais: pólizas de crédito, leasing á exportación, factoring, forfaiting, etc. |
| Calculo de custos e riscos financeiros nas operacións de financiamento das importacións e das exportacións. |

## 4.7.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 7 | Consenso OCDE | 8 |

## 4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA1 - Establece un sistema de información eficaz que sirva de apoio nas operacións de financiamento internacional, utilizando as ferramentas informáticas adecuadas | NO |
| RA4 - Determina o xeito de financiamento adecuado nas operacións de compravenda internacional analizando as modalidades de crédito, tendo en conta a forma de pagamento e de cobramento, e valorando os custos e os riscos que xeran | NO |
| RA5 - Xestiona a obtención de financiamento con apoio oficial á exportación aplicando a normativa reguladora e elaborando a documentación necesaria | SI |

## 4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA1.2 Obtívose información a través das páxinas web de diversos organismos e elaborouse unha base de datos que sirva de apoio ás operacións de comercio internacional e o seu financiamento |
| CA1.4 Identificáronse os organismos e as institucións competentes para a solicitude de axudas e subvencións á exportación |
| CA4.3 Diferenciáronse as modalidades de créditos que se poden utilizar nunha operación de exportación ou venda internacional, na mesma divisa de facturación e en distinta divisa, e calculáronse en cada caso os riscos e os custos financeiros que xeran |
| CA4.4 Interpretáronse os principais usos e prácticas mercantís uniformes nas operacións de crédito internacional |
| CA4.6 Xestionouse a documentación necesaria para a obtención de créditos vinculados ás operacións de importación e exportación de produtos e/ou servizos |

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA5.1 Interpretouse e analizouse a normativa que regula os créditos oficiais á exportación |
| CA5.2 Avaliáronse as modalidades de crédito oficial á exportación, tendo en conta o país de destino, os bens e os servizos financiables e os requisitos que se exixen, e seleccionouse a máis conveniente |
| CA5.3 Calculouse a base máxima financiable, os xuros que cumpra pagar e as cotas de amortización do préstamo, utilizando a aplicación informática axeitada |
| CA5.4 Elaborouse a documentación que se require para a solicitude dun crédito oficial |
| CA5.5 Realizáronse os cálculos oportunos para o axuste de xuros, de acordo co establecido no convenio de axuste recíproco de xuros (CARX), utilizando a folla de cálculo |
| CA5.6 Diferenciáronse os tipos de créditos do Fondo de Axuda ao Desenvolvemento (créditos FAD), os seus requisitos e criterios de concesión, e a documentación que hai que presentar para a súa solicitude |

## 4.7.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Organismos e entidades que proporcionan información relacionada co financiamento das operacións de comercio internacional.<br><br>Obtención de información a través da páxina web dos organismos.<br><br>Elaboración dunha base de datos dos organismos que facilitan apoio financeiro, axuda ou subvencións á exportación e á venda internacional.<br><br>Financiamento das importacións e compras internacionais.<br><br>Financiamento de exportacións, vendas e proxectos internacionais. Financiamentos especiais: pólizas de crédito, leasing á exportación, factoring, forfaiting, etc.<br><br>Marco legal: consenso OCDE.<br><br>Fontes de financiamento das exportacións con apoio oficial.<br><br>Crédito subministrador-exportador nacional: operativa.<br><br>Crédito comprador estranxeiro (crédito individual ou liña de crédito): operativa.<br><br>Requisitos e condicións básicas do crédito con apoio oficial.<br><br>Convenio de axuste recíproco de xuros (CARX): procedemento de cálculo.<br><br>Créditos do Fondo de Axuda ao Desenvolvemento (créditos FAD). |

| Contidos |
|---|
| Cálculo da base máxima financiable, os xuros que cumpra pagar e as cotas de amortización do préstamo, utilizando a aplicación informática adecuada. |

## 4.8.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 8 | Concursos e licitacións internacionais | 8 |

## 4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA6 - Elabora a documentación necesaria para participar en concursos ou licitacións internacionais, interpretando as normas dos organismos convocantes | SI |

## 4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA6.1 Interpretáronse as normas e os regulamentos de organismos de financiamento internacionais que regulan as licitacións e os concursos internacionais de proxectos |
| CA6.2 Identificáronse os organismos e as institucións convocantes de proxectos, tanto internacionais como comunitarios, estatais, autonómicos e locais |
| CA6.3 Seguiuse o procedemento de adxudicación de proxectos, analizando os requisitos que se exixen e as fases do proceso |
| CA6.4 Identificáronse as fianzas, os avais e as garantías que se exixen para participar nunha licitación ou nun concurso internacional |
| CA6.5 Identificáronse os organismos que facilitan financiamento para acudir ao concurso ou á licitación internacional |
| CA6.6 Cubriuse o formulario de oferta e analizouse a documentación técnica e administrativa requirida para a participación nunha licitación ou nun concurso internacional |

## 4.8.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Normas e regulamentos de licitación do Banco Mundial e outros organismos internacionais que a regulan. |
| Institucións e organismos de ámbito internacional, comunitario e estatal convocantes de proxectos: obxectivos. |
| Procedemento de adxudicación de proxectos: fases. |
| Documentación que cumpra presentar nun concurso ou licitación. |
| Fianzas e garantías. |
| Participación das empresas españolas en proxectos internacionais. |

## 4.9.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 9 | Cobertura de riscos en operacións de venda | 8 |

## 4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA1 - Establece un sistema de información eficaz que sirva de apoio nas operacións de financiamento internacional, utilizando as ferramentas informáticas adecuadas | NO |
| RA3 - Caracteriza o sistema de xestión do risco de cambio e do risco de xuro nas operacións de comercio internacional, aplicando en cada caso os mecanismos de cobertura máis adecuados | NO |
| RA7 - Selecciona a cobertura adecuada dos posibles riscos nas operacións de venda internacional, avaliando as pólizas de seguro de crédito á exportación | SI |

## 4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA1.3 Estableceuse o sistema e as técnicas de arquivo para a organización da información e da documentación que se xera nas operacións de compravenda internacional |
| CA1.6 Confeccionáronse os ficheiros mestres de clientela e de provedores/as, a partir da aplicación informática de xestión da relación coa clientela |

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA1.7 Realizouse o mantemento da base de datos da clientela e de provedores/as potenciais e elaboráronse informes a partir dela |
| CA3.6 Utilizáronse sistemas de intercambio de datos internacionais como Swift, EDI, etc., para facer máis efectivas e seguras as comunicacións relativas á documentación financeira |
| CA3.7 Manexáronse as ferramentas informáticas de provedores/as para a tramitación e xestión integrada do risco de cambio, de acordo coas necesidades da empresa |
| CA7.1 Identificáronse os riscos máis habituais nas operacións de comercio internacional |
| CA7.2 Identificáronse os principais mecanismos públicos e privados para a cobertura de riscos nas operacións internacionais |
| CA7.3 Caracterizouse o contrato de seguro de crédito á exportación, analizando as operacións asegurables, a prima e as entidades que interveñen no contrato |
| CA7.4 Describíronse as funcións e as competencias da Compañía Española de Seguros de Crédito á Exportación (CESCE) |
| CA7.5 Avaliáronse as modalidades de pólizas de seguro de crédito á exportación, analizando as condicións, os riscos que cobren, o ámbito de aplicación e o custo da prima |
| CA7.6 Preparouse a documentación que se require para a xestión e a contratación dunha póliza CESCE |
| CA7.7 Estableceuse o procedemento de actuación en caso de sinistro e a indemnización por danos |

## 4.9.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Obtención de información a través da páxina web dos organismos.<br><br>Sistemas de arquivo da documentación no financiamento internacional.<br><br>Elaboración dunha base de datos dos organismos que facilitan apoio financeiro, axuda ou subvencións á exportación e á venda internacional.<br><br>Elaboración e mantemento de bases de datos da clientela e de provedores/as potenciais.<br><br>Riscos no comercio internacional: comerciais e financeiros.<br><br>Organismos que interveñen: ICO, CESCE, etc.<br><br>Riscos nas operacións de comercio internacional.<br><br>Contrato de seguro de crédito á exportación: suxeitos e elementos; operacións asegurables. |

| Contidos |
| --- |
| Compañía Española de Seguros de Crédito á Exportación (CESCE). |
| Modalidades de pólizas para vendas e exportacións a curto prazo. |
| Tipos de pólizas para vendas internacionais a medio e a longo prazo. |
| Avaliación do custo da prima en distintas modalidades de créditos. |
| Proceso de contratación do seguro de crédito. |
| Procedemento de declaración de sinistros e indemnización por danos. |

## 5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos esixibles son os marcados nesta programación no apartado 4c de cada unidade didáctica.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

Os procedementos de avaliación que se aplicarán poderán ser:

a. Probas de coñecementos:

i. Poden consistir en exames escritos con preguntas curtas e/ou a desenvolver, cuestionarios tipo test ou supostos prácticos.

ii. Conterán instrucións de realización con indicación de tempos máximos para realizalas e a cualificación máxima por preguntas ou apartados.

iii. Nos cuestionarios tipo test penalizan as preguntas mal contestadas. As posibles preguntas de tipo test erróneas descontarán a metade do valor dunha correcta.

iv. Para os exames escritos con preguntas a desenvolver ou supostos prácticos empréganse modelos de solución (padróns) graduados do seguinte xeito: as preguntas de desenrolar puntuaranse según o número de puntos do que ha de constar as resposta (por exemplo, definición e 5 características serían 6 puntos), cada un dos cuales terá un valor diferente según os CA a avaliar.

Unha proba de coñecementos non realizada inxustificadamente, suporá volvela realizar no período de actividades de recuperación correspondente.

v. Este tipo de probas serán combinadas. Ou sexa, se avaliarán varios criterios de cualificación nelas. A cualificación consistirá en corrixir a proba globalmente e repartir a cualificación entre os CA avaliados en función do peso establecido en axustar avaliación.

vi. En cada período de avaliación parcial (decembro, marzo) este tipo de probas terá un peso do 90% da cualificación obtida .As cualificacións de probas de coñecementos superiores a 4 puntos poderán facer media co resto de procedementos de avaliación para o cálculo da nota de cada avaliación.

vii As probas de coñecemento reflexarán a puntuación de cada apartado e as posibles preguntas de tipo test erróneas descontarán a metade do valor dunha correcta. As instruccións para as probas de produto e de desempeño, así como os prazos de presentación, penalizacións por presentacións forma de prazo e outros aspectos serán reflexados na aula virtual e comentados pola profesora na aula.

b. Probas de produto e/ou desempeño:

i. Poden consistir en traballos de investigación, memorias, fichas, plans, obxectos e defensas orais tanto en grupo como individuais.

ii. Conterán indicacións/instrucións precisas sobre como presentalas, os formatos de presentación, o xeito de presentación (correo electrónico, aula virtual¿), debe ser defendido, os prazos de presentación, as penalizacións por presentacións fóra de prazo e de como se cualificarán (niveis de logro e indicadores). Un produto non presentado inxustificadamente, implicará unha nota de 0.

iii. As probas de produto avaliaranse con rúbricas con 5 niveis de logro, empregándose indicadores relativos a estrutura, contidos e expresión oral e escrita. .

iv. Este tipo de probas serán combinadas. Ou sexa, se avaliarán varios criterios de cualificación nelas. A cualificación consistirá en corrixir a proba globalmente e repartir a cualificación entre os CA avaliados en función do peso establecido en axustar avaliación.

v. En cada período de avaliación este tipo de probas terá un peso do 10% da cualificación obtida.

A nota media destas probas de coñecementos (con preguntas a desenvolver, tipo test e supostos prácticos), de produto (traballos de investigación, memorias, fichas,...) e de desempeño (traballo en grupo, desenrolo dun plan...). En concreto, o alumnado realizará varias probas de tipo oral e escrito ao longo da avaliación. A nota media destes controles suporá o 90% da nota final de avaliación; o 10% restante será o resultado da observación directa dos seguintes aspectos en canto a avaliación formativa se refire:

* A comprensión e asimilación dos coñecementos fundamentais.
* A obtención e utilización de información.
* A participación no traballo, tanto individual como en grupo.
* A capacidade de iniciativa do alumno/a.
* A presentación dos traballos propostos.
* A cantidade e calidade das tarefas realizadas.
* Presentación dos cadernos de clase.
* As probas obxectivas que o profesor/a considere oportunos.

En canto a avaliación sumativa, consideraránse:

* O dominio dos novos coñecementos.
* A capacidade de obter, analizar e interpretar información relativa ás operacións das entidades financeiras e de seguros.
* A asistencia regular ás clases.
* O traballo en equipo.
* A correcta resolución dos supostos prácticos propostos.
* A correcta presentación dos cadernos de clase e as actividades propostas nos prazos establecidos.
* As probas escritas individuais que o profesor/a considere oportunas.

Posto que a avaliación da materia non é continua, faranse recuperacións en forma de probas obxectivas durante o curso e se adoptarán as medidas de recuperación de cada alumno/a que se consideren oportunas. No caso de obter nun exame unha nota de menos de 4 puntos, será obligatoria a realización da proba de recuperación. En caso de realización de máis dun examen na avaliación, a media obtida deberá ser sempre igual ou superior a 5 puntos, contando co 10%  da puntuación dos contados actitudinais.

En marzo realizarase unha proba para aqueles alumnos/as que non teñan superada algunha das avaliacións, na que se esixirán os contados mínimos imprescindibles para o dominio da materia incluídos nesta programación. En concreto será unha proba escrita que consistirá, básicamente, nunha proba de coñecemento, que incluirá diversas preguntas teóricas a desenvolver e/ou de tipo test de toda a materia, na que se incluirán contidos das unidades didácticas, xunto con casos prácticos a resolver, que poderán incluír exercicios de cálculo numérico. O valor de cada pregunta de proba será reflexado na propia proba.

Poderase rexeitar un exame ou exercicio se a súa presentación ou caligrafía o fan ilexible. Neste caso, poderíase substituír por unha proba oral.

Procedimento ante copia de exame.

A utilización de apuntes, "chuletas", libros de texto, calculadoras, teléfonos móbiles, ou outros medios que non foran autorizados polo profesorado no enunciado do exame ou do traballo, será considerado copia.
A copia en exámenes suporá a calificación cun 0 (cero) na proba e a expulsión inmediata da aula.
O alumnado afectado non terá dereito a recuperación desta proba no período de avaliación de que se trate. En caso de reincidencia, terá que facer unha proba final de todo o módulo.
A mesma sanción será aplicable a traballos individuais ou en grupo.
Dado que é responsabilidade do alumnado evitar que o seu exame, traballo e todo o material avaliable sexa obxecto de copia, a sanción afectará a todos aqueles involucrados: o que copiou, o que permitiu a outros que copiasen, e o que participou en calquera tarefa ou actividade ou estratexia para mellorar os resultados propios ou alleos, mediante procedimientos deshonestos.

O uso indebido do ordenador (como utilizar programas ou navegar por webs non axeitadas ou relacionadas cos traballos a realizar encomendados polo profesor) ou a utilización sen permiso expreso do profesor do teléfono móvil conllevará a perda automática (por cada uso) de 0,5 puntos na nota da avaliación correspondente.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

A actividade non superada é aquela con unha cualificación inferior a 5. As probas con cualificacións inferiores a 4 puntos deberán ser superadas nos períodos correspondentes para as actividades de recuperación que se establezan.

Se a nota da 1ª ou 2ª avaliación é inferior a 5 puntos deberán ser recuperadas todas as probas de coñecemento ou de produtos e/ou desempeños correspondentes a dita avaliación.

a. Actividades de recuperación propostas polo profesorado. Consistirán na explicación de contidos non asimilados correctamente polo alumnado e proposta de actividades de reforzo dos mesmos.

b. Actividades de recuperación que poidan ser realizables de forma autónoma polo alumnado. As actividades propostas para este tipo de alumnado provendrán da repetición de determinadas actividades, cando se observou que na súa realización o alumno/a non dedicou o suficiente tempo ou esforzo. Asimesmo recomendarase bibliografía para a realización de novas actividades que incidan nos contidos do modulo, en especial:

- Operacións no mercado de divisas
- A xestión do risco de cambio
- O sistema financeiro internacional
- Financiación da empresa, importacións e exportacións
- O crédito á exportación
- Concursos e licitacións internacionais

c) Tarefas de avaliación: Os alumnos que teñen partes non superadas realizarán probas de recuperación destas partes durante o curso (ata a avaliación previa á FCT).
Os alumnos que non acaden unha avaliación positiva do módulo na avaliación previa á FCT terán que recuperalo durante o período ordinario de realización da FCT. Neste caso identificaránse os contidos nos que o alumno non acadou unha avaliación positiva e incidiranse sobre eles na planificación das actividades de recuperación.

En xuño realizarase unha proba para aquel alumnado que non teña superadas a materia, na que se avaliarán os mínimos esixibles para o dominio da materia incluídos nesta programación. Consistirá nunha proba escrita con dúas partes:

* Parte teórica ou de coñecemento: incluirá diversas preguntas teóricas e/ou tipo test a desenvolver sobre os contidos das diferentes UD.

* Parte práctica: incluirá varios casos prácticos a resolver e exercicios de cálculo numérico.

Tanto a proba escrita como a proba práctica terán unha puntuación máxima de 10 puntos. Consederarase que se superou o módulo cando a media das dúas probas consideradas en conxunto sexa de 5 puntos ou superior.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado perde a avaliación continua cando ten un 10% de faltas de asistencia sen xustificar ou un 15% xustificadas como máximo, sempre dacordo coa normativa e as NOF do centro.

Os instrumentos que se empregarán para avaliar a estes alumnos son:
- O alumno ou alumna deberá coñecer as actividades realizadas nas aulas no desenvolvemento das unidades didácticas do módulo. De non conseguilas a través dos delegados ou compañeiros da aula (co que se favorece a integración no grupo), deberá solicitalas presencialmente ao profesor nas horas de titoría.
- Proba escrita que consistirá, básicamente, nunha proba de coñecemento, que incluirá diversas preguntas teóricas a desenvolver e/ou de tipo test de toda a materia, na que se incluirán contidos das unidades didácticas, xunto con casos prácticos a resolver, que poderán incluír exercicios de cálculo numérico. O valor de cada pregunta de proba será reflexado na propia proba.
- O cuestionario conterá o número suficiente de preguntas para poder avaliar os CAs do módulo. Poderá haber tamén preguntas tipo test que penalizarán da seguinte forma: cada dúas respostas incorrectas, descontaráse una correcta.
- Non se dará a proba como superada se non se obteñe unha puntuación superior a 5 puntos sobre 10.

A proba denominarase Exame Final e indicarase oportunamente.

Os criterios de avaliación neste caso son:
* Os establecidos para cada unha das unidades formativas.
* Previo ás datas de avaliación sinaladas pola Xefatura de Estudios, realizaranse as probas finais extraordinarias.
Estas probas consistirán en varias preguntas ou contestación de cuestionarios, con casos prácticos a resolver polo alumno de forma individual.

Non se terán en conta as partes xa superadas antes da comunicación da perda da avaliación continua.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Mensualmente farase unha valoración sobre o seguimento da programación. Esta programación poderá verse afectada na súa organización e posta en práctica en función das necesidades del grupo.

En moitas ocasións, as actividades de aprendizaxe converteranse en actividades do proceso avaliador que permita, con carácter feedback, iniciar medidas correctoras ou ben sobre as propias actividades ou ben sobre o desenvolvemento metodolóxico da unidade tratada nese momento. A avaliación da propia práctica docente farase mediante unha táboa de indicadores con dous niveis de logro: adecuado ou necesita mellora.

COMPETENCIA                    INDICADORES

| | |
|---|---|
| Programación. | 1. Planificación do traballo docente.<br>2. Programación de unidades didácticas.<br>3. Programación de actividades e tarefas.<br>4. Tratamento da atención á diversidade e da transversalidade. |
| Actividades de aula. | 1. Metodoloxía desenvolvida.<br>2. Motivación para a aprendizaxe.<br>3. Potenciación da autonomía no proceso de ensino-aprendizaxe.<br>4. Coordinación co resto do equipo docente.<br>5. O clima na aula e resolución de conflitos.<br>6. Traballo en equipo.<br>7. Actividades desenvolvidas variadas facendo un papel docente-guía.<br>8. Utilización dos recursos do contexto para reforzar o proceso EA.<br>9. Atención á diversidade.<br>10. Inclusión da transversalidade nas actividades. |
| Avaliación. | 1. Instrumentos utilizados para facer a avaliación inicial e o seu rexistro.<br>2. Instrumentos utilizados para a avaliación continua e o seu rexistro.<br>3. Procedemento utilizado para a avaliación final.<br>4. Coavaliación e autoavaliación.<br>5. Desenvolvemento das actividades de recuperación.<br>6. Información proporcionada sobre a avaliación e a cualificación. |
| Formación. | Formación desenvolvida formal e non formal. |

Na memoria do fin de curso se recollerán propostas de modificacións para o curso seguinte, en función da autoavaliación anterior realizada e en caso de que fixera falta.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial ten como obxectivo identificar os coñecementos, destrezas e competencias previas coas que conta o alumnado antes de comezar a traballar os contidos do módulo. Consideraranse os estudios previos, a experiencia profesional e as vivencias en relación aos contidos de cada Unidade.

Procedementos para a realización da avaliación inicial
- Ao comezo do curso, no momento de cubrir as fichas persoais dos alumnos, realizarase unha valoración de cada un deles, a partir dos datos académicos e de experiencia profesional, que facilite ao profesor ou profesora.
- A tal fin, ao inicio de curso, o profesor coordinarse co titor do curso anterior e con outros profesores que traballen co grupo para recoller información sobre os coñecementos previos do alumnado.
- Valorará a información dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada e consultará co departamento de Orientación en caso de detectar alumnos con necesidades educativas especiais ou que requiran apoio educativo específico.

A avaliación inicial ten como obxectivo identificar os coñecementos, destrezas e competencias previas coas que conta o alumnado antes de comezar a traballar os contidos do módulo. Consideraranse os estudios previos, a experiencia profesional e as vivencias en relación aos contidos de cada Unidade.

Procedementos para a realización da avaliación inicial
- Ao comezo do curso, no momento de cubrir as fichas persoais dos alumnos, realizarase unha valoración de cada un deles, a partir dos datos académicos e de experiencia profesional, que facilite ao profesor ou profesora.
- A tal fin, ao inicio de curso, o profesor coordinarse co titor do curso anterior e con outros profesores que traballen co grupo para recoller información sobre os coñecementos previos do alumnado.
- Valorará a información dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada e consultará co departamento de Orientación en caso de detectar alumnos con necesidades educativas especiais ou que requiran apoio educativo específico.

Se desenvolverá un procedemento de observación competencial a través de tarefas concretas que permitan recoller información de todas/algunhas das competencias claves seguintes:

1. Competencia en comunicación lingüística. Refírese á habilidade para utilizar a lingua, expresar ideas e interactuar con outras persoas de maneira oral ou escrita. Para desenvolvela deseñaranse tarefas que impliquen a expresión escrita e a utilización da oralidade (traballos de reflexión e investigación por escrito e defensa dos mesmos de xeito oral apoiados en produtos gráficos)

2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. A primeira alude ás capacidades para aplicar o razoamento matemático para resolver cuestións da vida cotiá; a competencia en ciencia

céntrase nas habilidades para utilizar os coñecementos e metodoloxía científicos para explicar a realidade que nos rodea; e a competencia tecnolóxica, en como aplicar estes coñecementos e métodos para dar resposta aos desexos e necesidades humanos. Neste caso a preparación de material básico para repasar coñecementos matemáticos poderían reforzar a competencia.

3. Competencia dixital. Implica o uso seguro e crítico das TIC para obter, analizar, producir e intercambiar información. Neste caso a utilización de software na elaboración de produtos de xeito responsable e tendo en conta licenzas e uso de datos persoais podería axudar a reforzar esta competencia.

4. Aprender a aprender. É unha das principais competencias, xa que implica que o alumnado desenvolva a súa capacidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nel, organizar as súas tarefas  tempos, e traballar de maneira individual ou colaborativa para conseguir un obxectivo. Ensinar a investigar e a ser crítico coas buscas de información poden reforzar esta competencia.

5. Competencias sociais e cívicas. Fan referencia ás capacidades para relacionarse coas persoas e participar de maneira activa, participativa e democrática na vida social e cívica. O traballo en equipo ensinando pautas para facelo poden reforzar esta competencia.

6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor. Implica as habilidades necesarias para converter as ideas en actos, como a creatividade ou as capacidades para asumir riscos e planificar e xestionar proxectos.

Se realizará unha reunión de avaliación inicial nos primeiros cursos onde se tomarán decisións de reforzo ou flexibilización.

## 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Tal e como establece o decreto 114/2010, cómpre que calquera alumno poida acadar os resultados de aprendizaxe do módulo, adoptando medidas de reforzo e apoio, pero sen que estas afecten de forma significativa á consecución dos resultados de aprendizaxe previstos para cada un dos módulos profesionais.

Como a diversidade preséntase no ámbito da formación en múltiples formas e vén expresada por unha serie circunstancias, tales como: coñecementos previos e experiencias persoais e laborais, motivacións e expectativas ante o aprendizaxe, interese persoais, profesionais e vocacionais, capacidades xenerais ou diferenciadas, ritmos de traballo e de aprendizaxe, situacións persoais e familiares, habilidades e destrezas desenvolvidas, orixe nacional ou étnico diferenciador, contorna socioeconómica do lugar de residencia, discapacidades físicas, psíquicas e/ou sensoriais ou sobredotación intelectual, entre outras.; temos que adecuar os diversos aspectos metodolóxicos ás singularidades do noso alumnado.

Será preciso realizar unha avaliación inicial, coa amplitude que se considere necesaria, coa colaboración do departamento de orientación, para detectar ao alumnado con necesidades educativas especiais e as súas demandas específicas

Tomando en consideración o establecido pola LOE e polo Decreto 114/2010 respecto á atención á diversidade, cómpre facer unha breve referencia á serie de medidas que teríamos en conta na atención a este tipo de alumnado:

- Medidas de acceso ao currículo para alumnos con deficiencias sensoriais ou físicas: entrega do material cun tamaño de fonte máis grande ou en soporte informático; permitirlles realizar exercicios, supostos e exames co emprego do ordenador e ferramentas informáticas.

- Agrupamentos: á hora de traballar en equipo, estes serán formados por alumnos con diversidade de competencias e motivacións, coa fin de que os alumnos se axuden entre si

- Adaptacións curriculares non significativas para aqueles alumnos con necesidades educativas especiais, co asesoramento do departamento de orientación e sen que afecten aos elementos preceptivos do currículo.

- Actividades de ampliación e de investigación para aqueles alumnos que presenten un rendemento académico moi superior o resto do grupo: emprego das TICs e fomento da busca autónoma de información para resolver supostos e analizar a realidade sociolaboral.

- Medidas de reforzo educativo, tales como actividades graduadas segundo diferentes niveis, garantindo sempre a adquisición dos contidos mínimos; modificación da localización do alumno en clase; repetición individualizada dalgunhas explicacións ou potenciación da participación do alumno e a consecución de pequenos logros como elementos de motivación.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

A competencia social e cidadán, é básica para a comprensión da realidade na que se vive empregando o xuízo ético baseado nos propios valores e nas prácticas democráticas que deben presidir as nosas relacións. Enténdese que desde esta competencia o alumnado poderá afrontar dun xeito máis adecuado a convivencia coas demais persoas e o enfrontamento dos conflitos que poidan xurdir nas relacións.
Dado que o perfil do alumnado corresponde a adultos, estas competencias supóñense xa adquiridas.

Entendemos que o módulo de Financiamento internacional non dispón dun encaixe sinxelo para programas de este ámbito. Non obstante remarcarase a importancia que ten o feito de cumprir toda a normativa aplicable a este módulo con rigor e profesionalidade, segundo a legalidade vixente e transmitiranse valores cívicos que fagan que os alumnos teñan maior conciencia de cidadán e saiban comportase de forma adecuada posteriormente no mundo profesional.

Un conxunto de criterios básicos para a avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe son os referidos ás actitudes e valores persoais e profesionais que se esperan dun Técnico Superior en Comercio

Internacional como profesional. Polo tanto, á hora de avaliar o proceso de aprendizaxe e o de ensinanza se terá en conta o respecto, tanto por parte do profesor como do alumnado, as seguintes actitudes:

* Manifestar tolerancia cara ás opinións dos demais, utilizando a empatía como forma de comprensión da súa posición e colaborar na resolución de conflitos que poidan darse nas relacións persoais e sociais.

* Respectar e levar a cabo as decisións do equipo de traballo, mediante a participación activa nas actividades comúns.

* Responsabilizarse das accións encomendadas, manifestando rigor na súa planificación e desenvolvemento, pero sabendo tamén modificar a súa intervención e ser flexible cando a situación así o require.

* Adaptarse ao ritmo e evolución das persoas e grupos cos que traballa, respectando o seu desenvolvemento e autonomía.

* Valorar a reflexión e a crítica como instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento profesional e para o desenvolvemento das intervencións emprendidas.

* Manifestar interese pola investigación e a formación permanente en temas como valores democráticos e mellora da cohesión social, dereitos humanos e laborais, respecto das condicións de competencia, preservación do medio ambiente, respecto dos dereitos fundamentais ou deontoloxía profesional.

## 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

ESCENARIO DE SEMIPRESENCIALIDADE E/OU DISTANCIA:
Non se poderá facer ningunha actividade nesta modalidade

ESCENARIO NORMAL
Ao longo do curso poderán promoverse diferentes actividades complementarias e extraescolares tendentes a unha axeitada consecución dos resultados de aprendizaxe. Principalmente pola lectura de libros, artigos ou manuais técnicos, a proposta tanto do profesor como do alumnado para a súa valoración e análise, e pola asistencia a charlas, dentro ou fóra do centro, impartidas por especialistas nas temáticas traballadas e así cumplimentar os RAs establecidos para o módulo.

Déixase aberta a posibilidade de engadir calquera outra actividade que poida xurdir ao longo do curso e que a docente considere oportuna de cara ao desenvolvemento do módulo.

## 10.Outros apartados

### 10.1) ESCENARIO COMBINADO PRESENCIAL E SEMIPRESENCIAL

1. Este módulo conta cunha aula virtual na plataforma Moodle do IES A Guía, na categoría de XESTIÓN DE VENDAS E ESPAZOS COMERCIAIS. O alumnado, unha vez que teña un usuario na plataforma, poderá automatricularse mediante unha chave de automatriculación que lle será dada nas presentacións ou primeiros días de curso.
2. O curso deste módulo na aula virtuai está organizado por UD que se irán abrindo conforme se vaia avanzando nos contidos do módulo e contarán como mínimo con ligazóns, ficheiros e tarefas por cada UD, en coherencia coa programación debidamente separadas por etiquetas. As tarefas serán deseñadas de xeito que quede claro o modo de presentación, o fondo e forma da tarefa, os prazos de entrega e se vai ser cualificada os criterios de cualificación e o seu valor en coherencia coa programación. Cada UD contará cun foro de dúbidas.
3. Nas primeiras semanas de clase presencial se incidirá no uso da aula virtual, nas pautas a seguir nas titorías a distancia, no uso dos sistemas de videoconferencia e na resolución de problemas técnicos que poida ter o alumnado. Tamén se establecerán grupos para as tarefas de grupo e se entrenará ao alumnado no uso de ferramentas dixitais para o desenvolvemento desas tarefas grupais.
4. Priorizarase a comunicación polos canais facilitados pola Consellería: Abalar e mensaxería da Aula virtual. Comprobarase que os datos aportados polo alumnado na matrícula a través de XADE están actualizados e que todos eles fagan un uso asiduo do correo facilitado e descarguen a app Abalar.
5. A comunicación co alumnado a través de Abalar será bidireccional, iniciada pola docente nas primeiras semanas de curso para que coñezan esta posibilidade a maiores da comunicación directa e presencial.

### 10.2) ESCENARIO A DISTANCIA

Se as circunstancias sanitarias obligasen a pasar a un sistema completamente a DISTANCIA, seguiranse as directrices de SEMIPRESENCIAL do apartado anterior, engadindo as seguintes:
1. A metade do horario do módulo, por exceso programarase polo sistema de videoconferencia preferentemente polas plataformas proporcionadas pola consellería de educación.
2. O resto do horario se organizará con tarefas e actividades propostas ao alumnado distintas das configuradas na programación para explicacións teóricas da persoa docente. Estas actividades poderán serán seguidas por outros sistemas diferentes á videoconferencia tendo en conta que a aula virtual conta con foro de dúbidas en cada UD e se vai organizar un grupo de mail como sistema síncrono de comunicación.